| EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións |

| |
|---|
| establecidas. |

ÁREA RELIXIÓN

| 4º curso: estándares de aprendizaxe |
|---|
| Rel.1. Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento. |
| Rel.2. Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos. |

## B) ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

## PROGRAMACIÓN DO 6º CURSO

*Selección de **estándares de aprendizaxe** de entre todas as áreas de coñecemento que configuran aprendizaxes imprescindibles*

AREA: Lingua Galega

| • Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | |
| LGB1.4.3. Fai pequenas exposicións na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso. | |
| LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. | |
| LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo). | |
| LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. | |
| LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | |
| LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista. | |
| LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte. | |
| LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación | |
| LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | |
| LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. | |

AREA: Lingua Castelá

| • Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| LCB1.1.2. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección. | |

| |
|---|
| LCB1.1.3. Escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais |
| LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume. |
| LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. |
| LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias. |
| LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. |
| LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas |
| LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. |
| LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado. |
| LCB5.1.1. Recoñece e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. |
| LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións. |

AREA: Ciencias Sociais

| • Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito. | |
| CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. | |
| CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | |
| CSB3.5.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. | |

AREA: Ciencias Naturais

| • Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MATERIA: CIENCIAS NATURAIS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | |
| CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano. | |
| CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo. | |
| CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.). | |
| CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos. | |
| CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra. | |
| CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan. | |

AREA: Matemáticas

| • Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles MATERIA: MATEMÁTICAS | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos | |
| MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | |
| MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. | |
| MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes. | |
| MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria. | |
| MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións). | |

| |
|---|
| MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. |
| MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa |

ÁREA: Lingua Extranxeira. INGLÉS

| 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| PLEB1.6. Comprende as idea principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. | B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. |
| PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc. | B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual |
| PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas. | B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. |

ÁREA: Música

| 4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles |
|---|
| Estándar de aprendizaxe |
| Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, estilos e valora a sua achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. |

ÁREA: Educación Física

| |
|---|
| EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. |
| EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación. |
| EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais. |
| EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. |
| EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. |
| EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. |
| EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. |
| EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. |
| EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. |
| EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. |
| EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. |
| EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. |
| EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais. |
| EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a |

| |
|---|
| mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. |
| EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. |
| EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. |
| EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. |
| EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo- temporais. |
| EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. |
| EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. |

AREA: Educación Plástica

| 6º curso: estándares de aprendizaxe |
|---|
| EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. |
| EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. |
| EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. |
| EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. |
| EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. |
| EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. |
| EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. |
| EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. |
| EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. |
| EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. |
| EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución |

| |
|---|
| dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. |
| EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. |

ÁREA RELIXIÓN

| 4º curso: estándares de aprendizaxe |
|---|
| Rel.1. Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.. |
| Rel.2. Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade. |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

# 2) AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

> *"Os centros e o profesorado adaptarán o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables." (Instrucións 27/04)*

## a) Xeral para as etapas de educación infantil e primaria.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso unha medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

A titulación do alumnado non poderá verse prexudicada polo cambio na metodoloxía na aprendizaxe non presencial.

## b) Anotación de 5º curso

### Avaliación.

**Procedementos**: Para realizar a avaliación deste terceiro trimestre e do final do curso seguimos as instrucións do 27 de abril da Consellería de Educación , Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia onde di:

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais **será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo** en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para **valorar os avances realizados e os atrasos** que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. **En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.**

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 **considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso,** valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas**. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo** e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

**Temos en conta o realizado polo alumnado ata a suspensión da actividade presencial (1º e 2º trimestre) e so se valora o realizado desde esa data con carácter positivo.**

**Instrumentos**:
Unha vez comprobado polos titores de 5º que todo o alumnado das súas clases ten a posibilidade, en maior ou menor grado de estar en contacto e recibir/enviar tarefas, lévase a cabo un control do grado e interese na participación así como unha revisión das tarefas suxeridas polo profesorado que o alumnado envíe para a súa corrección.
Lévase un rexistro de participación do alumnado e dos comentarios, suxerencias e dúbidas das familias.

**Cualificación final.**
Valoraremos o realizado polo alumnado ata a suspensión da actividade presencial (1º e 2º trimestre) e so se valora o realizado desde esa data con carácter positivo.

## 3) METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

### a) Xeral para as etapas de educación infantil e primaria.

Neste terceiro trimestre do curso, durante o estado de alarma, o centro desenvolverá as actividades escolares a través de tecnoloxías dixitais que permiten a comunicación e a interacción entre o profesorado, o alumnado e as súas familias. En particular, os medios serán:

- Aula virtual do centro (espazo esencial de interacción e presentación das actividades)
- Correo electrónico
- Plataforma de vídeoconferencia
- Vía telefónica

As actividades lectivas deste trimestre centraranse nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas, en función do curso, área ou materia, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.

Desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. Na medida do posible deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

As actividades e os criterios de avaliación adaptaranse, co fin de evitar problemas como a sobrecarga de tarefas, a falta de acompañamento docente ou a desigualdade do apoio aos estudantes que lles poden prestar a súas familias.

Prestaremos unha axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Poremos, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

O Departamento de Orientación continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e

programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, adaptándoas á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

## b) Anotación de 5º curso.

### Actividades

Seguindo as directrices da Consellería onde di:

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo

As actividades que estamos e a realizar nestes momentos os titores de 5º son de repaso e reforzo e fundamentalmente integradas, globalizadas e lúdicas para obter unha motivación difícil de transmitir a distancia e teñen dous fins principais:

1. Fomentar a *autonomía* e *responsabilidade* do alumnado para realizar as tarefas coa menor dependencia posible e manter os hábitos de traballo e estudo.
2. Traballar o aspecto *competencial* da aprendizaxe por medio da investigación e experimentación suxeridas polas tarefas enviadas.

Traballando en coordinación co departamento de Orientación estanse a enviar ao alumnado que o necesita actividades especialmente dedicadas ao seu nivel e necesidades.

### Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Os titores de 5º, seguindo o ordenado pola Consellería xa nas súas instrucións provisionais, realizaron entre o seu alumnado unha enquisa para coñecer as dotacións tecnolóxicas das familias e o seu grado  e posibilidade de uso. Afortunadamente non detectamos alumnado de 5º sen posibilidade de conexión. Obviamente hai diferencias tecnolóxicas tanto de material como de facilidade ou posibilidade de uso.

Partindo desta base a comunicación coas familias /alumnado faise por dous canais, a *aula virtual* habilitada na páxina web do centro pero sobre todo un contacto diario mais persoal e intenso por medio do *correo electrónico*. Deste xeito remitimos diariamente tarefas suxeridas e recibimos respostas e comentarios que nos permiten coñecer o traballo realizado tanto polos nenos e nenas como polas familias.

Para comunicarnos con estas últimas tamén enviamos notificacións pola aplicación Tokapp e estamos no intento de coordinar a realización con todo o alumnado de 5º de videoconferencias para facilitar a relación entre os nenos e nenas das nosas aulas.

## Materiais e recursos

Co fin de manter a motivación e interese polo aprendizaxe no noso alumnado intentamos empregar material variado e que fomente a participación lúdica dos nenos e nenas.

Con esta idea usamos vídeos explicativos, fichas de traballo integradas elaboradas por nós partindo de intereses do alumnado, todos os recursos de TICS que atopamos interesantes e rediriximos ao alumnado a distintas plataformas educativas seleccionando o que nos interesa en cada momento.

## 4) INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O profesorado informará ao alumnado e ás súas familias mediante as canles habituais de comunicación nestas circunstancias (aula virtual, correo electrónico, videoconferencia e teléfono)

De igual modo, este documento estará publicado na páxina web do centro educativo.